



Xuntanza Comisión de Persoal 28 febreiro 2018

O día 28 de febreiro de 2018 celebrouse a reunión da Comisión de Persoal da Xunta de Galicia na que se trataron os seguintes puntos:

1.- Proposta orde procesos selectivos promoción interna e acceso libre, corpos xerais, subgrupo A1, subgrupo A2, subgrupo C1, subgrupo C2, escala de sistema de tecnoloxía da información, subgrupo A1 e subgrupo A2.

a) Acceso libre:

No caso do acceso libre aínda que houbo melloras no tipo de probas, mais acoutamento de temarios, concreción da data de inicio do primeiro exame, como non aceptaron o sistema de concurso-oposición, o noso voto foi a **ABSTENCIÓN**.

b) Promoción interna:

A pesar da precipitación na negociación destes procesos, como houbo avances moi positivos no sistema de establecemento de probas obxectivas, redución de temarios, incremento da valoración do tempo de servizos prestados, o noso voto foi a **FAVOR**. Nembargantes esiximos que tal como regula a disposición do EBEP, se lle permita a mais do persoal laboral en RPT, tamén ao persoal laboral en funcións de funcionarios, sen restar prazas da promoción pois tratase dunha simple modificación de relación xurídica (funcionarización).

2.- Procesos selectivos de promoción interna da Escala de Informática do Subgrupo A1 e do subgrupo A2.-

Respecto destas bases aínda que houbo avances, non foron suficientes, polo que o noso voto foi a **ABSTENCIÓN**.

3.- Procesos selectivos para o ingreso na Escala de Finanzas do subgrupo A1 e subgrupo A2.-

Como non foi aceptada ningunha das alegacións que presentamos, como por exemplo que a promoción interna fora do 50% das prazas ofertadas, o noso voto foi en **CONTRA**.

4.- Proposta modificación orde convocatoria proceso selectivo acceso libre, no grupo V-001 (camareiro/a-limpador/a, axudante cociña).

Neste punto como simplemente era unha aclaración á valoración dos mérito na fase do concurso dun e como se tiveron en conta as nosas aportacións, que melloran o texto inicial, o noso voto foi a **FAVOR**.

5.- Proposta de modificación da RPT da Axencia Galega das Industrias Culturais (AGADIC).

Neste caso reafirmámonos nas alegacións e como non se tiveron en conta o noso voto foi en **CONTRA**.

Tamén esiximos a inmediata execución da sentenza, que afecta a 25 postos de persoal de CDG, que recoñece a dispoñibilidade horaria os 12 meses do ano, pois a súa execución está solicitada desde principios de xaneiro, recordándolle que si nos próximos 15 días non se proceda a dita execución, estudiaremos a presentación dunha demanda xudicial contra o SXT da C. de Cultura e o Director da AGADIC.

Santiago de Compostela

Rúa Miguel Ferro Caaveiro, 8 1º andar
CP 15707
Telf. 981 551 826
ensino.stgo@galicia.ccoo.es

A Coruña

Avda. Alfonso Molina, km 2, 3º andar
CP 15008
Telf. 981 145 895
scensino.coru@galicia.ccoo.es

Ferrol

Rúa María 42-44
CP 15402
Telf. 981 369 336
scensino.ferrol@galicia.ccoo.es

Lugo

Rolda da Muralla 58, 4º andar
CP 27002
Telf. 982 221 060
scensino.lugo@galicia.ccoo.es

Ourense

Parque San Lázaro 12, 3º andar
CP 32300
Telf. 988 392 256
scensino.oure@galicia.ccoo.es

Pontevedra

Rúa Pasantería 1, 2º andar
CP 36002
Telf. 986 866 276
scensino.pont@galicia.ccoo.es

Vigo

Rúa das Teixugueiras 11 entrecán
CP 36212
Telf. 986 246 847
scensino.vigo@galicia.ccoo.es

O Barco

Praza do Concello 2, 1º andar
CP 32300
Telf. 988 322 034
scensino.oure@galicia.ccoo.es

Monforte

Roberto Baamonde s/n
CP 27400
Telf. 982 401 518
scensino.lugo@galicia.ccoo.es





Xuntanza Comisión de Persoal 28 febreiro 2018

6.- Modificación da RPT da Axencia Galega de Infraestruturas.-

Como aceptaron a maioría das nosas alegacións, o noso voto foi a **FAVOR**. A DXFP informa que no prazo de 1 mes remitiran a RPT conxunta desta Axencia na que xa incluírán as áreas funcionais. **Desde CCOO** solicitamos que se tramite con carácter urxente o acordo asinado por todas as organizacións sindicais en relación a **promoción e regularización do persoal LEGOEIRO**.

7.- Rogos e preguntas:

- Promoción interna horizontal do persoal laboral fixo: o DXFP informou que o persoal que ocupe prazas de persoal funcionario ou faga funcións propias de escalas de funcionarios teñen previsto abordalo na OPE 2018.
- Proceso selectivo de Enxeñeiros Industriais e Enxeñeiros Técnicos Industriais: o DXFP recoñece que tivo problemas para constituír os tribunais destes procesos selectivos pero contan que en marzo os publicaran no DOG.
- Concursos de traslados de persoal funcionario e persoal laboral: o DXFP manifestou que retomaran a negociación en marzo. En todo caso manifesta que para convocar os concursos teñen que ter todas as RPT,s aprobadas.
- Concurso de traslados de Axentes Medioambientais: o DXFP informa que están pendentes da aprobación da RPT da Consellería de Medio Rural.
- Acordo condicións de traballo de Axentes Medioambientais. o DXFP informa que esta pendente de ter un oco na súa axenda para abordar o tema.
- RPT do Consorcio: o DXFP informa que seguen a traballar nela e que non poden facilitar unha data. Desde CCOO esiximos que no prazo de 15 días se constituía a mesa para empezar a negocia-la.
- Apertura de mesa de negociación na AGADIC e mesa de negociacións sobre o Kronos nos centros de Cultura: o DXFP comenta que están a valorar si é necesario abrir ditas mesas de negociación. Respecto da problemática do Kronos o representante da Consellería de Cultura manifesta que está pendente de recibir documentación sobre a situación de cada centro.
- Data apertura do museo do viño: o DXFP informa que segundo indicacións da Consellería de Cultura está previsto abril no primeiro semestre deste ano, sen concretar con que tipo de persoal. **Desde CCOO** reiterámoslle que non imos consentir que un centro que tivo un desembolso de caso 3 millóns de euros públicos, sexa cedido a iniciativa privada para lucro e beneficio de particulares.
- Petición entrega do informe xurídico do proceso selectivo do Subgrupo C2. o DXFP reitera que ten que consultalo. **Desde CCOO** indicámoslle que non sería mellor dicir que non o queren facilitar ou que simplemente non o teñen.
- Proceso selectivo profesores numerarios. o DXFP informa que remitiran a proposta de temarios para a súa negociación, e despois pasaríase a negociar as bases do proceso selectivo (como se fixo cos Veterinarios).
- Obras nas instalacións de servizos centrais da Consellería de Economía, Emprego e Industria: **desde CCOO** lembrámoslle a Administración que cando se realizan obras, en calquera departamento onde traballa persoal, débese informar aos representantes legais dos traballadores, por cuestións de seguridade e hixiene, así como por si podemos aportar algunha proposta que mellore o proxecto a realizar.

Santiago de Compostela

Rúa Miguel Ferro Caaveiro, 8 1º andar
CP 15707
Telf. 981 551 826
ensino.stgo@galicia.ccoo.es

A Coruña

Avda. Alfonso Molina, km 2, 3º andar
CP 15008
Telf. 981 145 895
scensino.coru@galicia.ccoo.es

Ferrol

Rúa María 42-44
CP 15402
Telf. 981 369 336
scensino.ferrol@galicia.ccoo.es

Lugo

Rolda da Muralla 58, 4º andar
CP 27002
Telf. 982 221 060
scensino.lugo@galicia.ccoo.es

Ourense

Parque San Lázaro 12, 3º andar
CP 32300
Telf. 988 392 256
scensino.oure@galicia.ccoo.es

Pontevedra

Rúa Pasantería 1, 2º andar
CP 36002
Telf. 986 866 276
scensino.pont@galicia.ccoo.es

Vigo

Rúa das Teixugueiras 11 entrecán
CP 36212
Telf. 986 246 847
scensino.vigo@galicia.ccoo.es

O Barco

Praza do Concello 2, 1º andar
CP 32300
Telf. 988 322 034
scensino.oure@galicia.ccoo.es

Monforte

Roberto Baamonde s/n
CP 27400
Telf. 982 401 518
scensino.lugo@galicia.ccoo.es

